



# CONCELLO DE BALEIRA (LUGO)

Avda. Dr. Escobar s/n 27130 O Cadavo. - R.E.L. 01270044 - Tfno. (982) 354059 Fax (982) 354039

**ANGEL ENRIQUE MARTINEZ-PUGA LÓPEZ** Alcalde-Presidente  
do Concello de Baleira (Lugo)

## FAI SABER

Que debido á escasez de choivas rexistradas nos últimos meses, os cauces de ríos e fontes estanse a ver afectadas considerablemente, baixando o seu caudal a niveis inferiores do normal para a época do ano, polo que seguindo coas directrices enviadas a este concello en data 23/07/2015 pola Confederación Hidrográfica, e ante a previsión de que se manteña a situación nas vindeiras semanas semellante á vivida durante os últimos dous meses, por parte de esta Alcaldía recoméndase a toda a poboación de Baleira e usuarios que se adopten as seguintes medidas:

- 1.- Deberase de ter en conta o aforro no uso de auga dos abastecementos, tendo en conta os destinos prioritarios, deixando de lado o rego ce xardíns, lavado de coches e baldeo de rúas e camiños.
- 2.- Reducirase a presión nocturna en redes urbanas como é o caso do abastecemento do Cádavo.
- 3.- Reforzaranse os controis de auga captada para o abastecemento, que pode ver mermada a súa calidade como consecuencia dos caudais existentes.

Estas medidas redundarán na maior seguridade do sistema de abastecemento ó tempo que axudarán a manter as condicións mínimas do ecosistema fluvial. En todo caso, se a situación persiste, podería considerarse a necesidade de aplicar restriccións temporais de auga.

Baleira, 24 de Xullo de 2015  
O Alcalde



Asdo. Angel Enrique Martinez-Puga López